

# RECUERDOS DE UNA MAÑANA

# 1694

José Luis Guerin, 2011

---

ESTREA EN NUMAX: 08.03.2026 | V.O. | 47 min

Na mañá do 21 de xaneiro de 2008, un violinista que vivía no mesmo barrio que o realizador José Luis Guerin suicidouse saltando espido desde a xanela. O único que se soubo del é que estaba a preparar unha nova tradución de "Werther", de Goethe. Con seu recordo diario, Guerin comezou a explorar as rúas e a encontrar historias.



## Réquiem por un mundo

Por Marcos Vasco Martín-Grande

Nun instante de *Recuerdos de una mañana*, unha parella residente no centro de Barcelona é preguntada sobre Manel, o veciño que unha mañá de xaneiro saltou desde o seu balcón e levou a José Luis Guerin a emprender a filmación da peza en 2008, tres anos antes do encargo do Festival Internacional de Cinema de Jeonju que propiciou a montaxe final. Co seu fillo en brazos, a moza italiana reconece: “Sei exactamente cantos veciños viven, o que fan, cando se levantan, cando van a durmir... pero non sei o seu nome se os vexo pola rúa. Non nos dicimos nada, pero todos sabemos todo de todo o mundo”. Séguelle o testemuño do seu acompañante, que incide na necesidade de espazos comúns como parques ou prazas. Unhas palabras que riman con dous planos que deixan constancia do deterioro das zonas para a vida en comunidade: un patio interior de dimensións reducidas onde outra nai xoga cos seus fillos e un patio traseiro ocupado case na súa totalidade pola terraza dun bar. Desta maneira, Guerin extrapola a morte de Manel á de toda unha forma de vida, cuxa realidade ameazante só se explicita neses tres momentos, pero nunca deixa de facerse latente. *Recuerdos de una mañana* traballa nesa dualidade: négase a quitar a vista daquilo que está ameazado e, ao mesmo tempo, reconece a inevitabilidade da súa disipación.

A maior oposición ao individualismo atópase na invocación do falecido mediante un exercicio de memoria colectiva sustentado no conversacional. Nun principio, Guerin constrúe o retrato de Manel a través das ferramentas propias do documental observacional —cámara en man, os entrevistados falando a cámara—, dando palabra aos amigos e coñecidos do home. Aínda que parte das entrevistas se realizan en lugares que propician o encontro co outro —véxase a cafetería e o salón de peiteado—, a filmación tamén se recrea en espazos que remiten de forma directa á morte, principalmente pola presenza reiterada da fonte xunto á que Manel faleceu e a disposición no plano dos bustos parlantes nas secuencias de interiores, en balcóns ou xunto ás xanelas —lembramos que Manel se quitou a vida saltando ao baleiro—. É así como o público e o íntimo se xuntan —os testemuños recóllense nas propias casas de quen os ofrece— e, sumado a que a maioría de declaracións coinciden na soidade como causa principal do suicidio de Manel, eríxese como outro exemplo da forma na que os excesos do sistema capitalista condicionan calquera ámbito da vida privada das persoas. É este ambiente, sempre pendente de deixar constancia da progresiva desaparición do individuo e a súa contorna, o que propicia a introdución dunha aura fantasmagórica —tamén trágica— que predomina en gran parte das imaxes de *Recuerdos de una mañana* e que emana principalmente do son dos violíns, instrumento que interpretaba e identifica a Manel. Porque ese halo é tanto o da ausencia dunha persoa con nome e apelidos como o pranto rumoreado por un mundo enteiro que esvaece, pero ao que se abraza e non se abandona.

Publicado en [revistamutaciones.com](http://revistamutaciones.com)